

O folclore volve ao Carboeiro



O Concello de Oroso organiza por terceiro ano consecutivo o festival folclórico "Paseo do Carboeiro", que terá lugar o sábado 4 de xullo no marco natural do parque do Carboeiro a partir das 18:30 horas. Unha iniciativa coa que o Concello de Oroso pretende "recuperar o espírito dos festivais folclóricos que se facían na Illa do Refuxio, dando a coñecer a nosa música e as nosas tradicións e disfrutando dunha xornada de festa e confraternidade, tal e como aconteceu nas dúas primeiras edicións", explica o alcalde Manuel Mirás.

Para conseguilo, o Concello de Oroso asinou hai uns meses un convenio de colaboración coas distintas asociacións musicais do municipio para a promoción da nosa cultura con eventos como o III Festival Folclórico: Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes, Amigos do Acordeón e Néboas no Cumio. De feito, o concelleiro de Cultura, Luís Rey, agradece por adiantado a colaboración destas agrupacións locais, "sen cuxo traballo non podería ter lugar un evento coma este".

Programa

Este ano, como novidade, haberá unha actuación matutina a cargo dos grupos infantís de Lembranzas do Tambre, ás 13:00 horas no parque do Carboeiro, que dará paso a un xantar no que haberá unha gran churrascada e servizo de bar a prezos populares. E, ao rematar, foliada!. O Festival Folclórico comezará ás 18:00 horas coas actuacións dos grupos orosáns Lembranzas do Tambre (Sigüeiro), Buxos

Parque do Carboeiro-Sigüeiro
Sábado 4 de xullo
GRAN FOLIADA

III FESTIVAL FOLCLÓRICO

PROGRAMA

13.00h Actuación dos grupos infantís
LEMBRANZAS DO TAMBRE

15.00h Xantar popular. Haberá unha gran churrascada, prezos populares, servizo de bar e de seguido foliada!

18.30h Festival Folclórico
Buxos Verdes (Senra-Cardama, Oroso)
Néboas no Cumio (Sigüeiro, Oroso)
Lembranzas do Tambre (Sigüeiro, Oroso)
Pandereteiras de Marantes
Rancho Folclórico Sachadeiras da Várzea (Góis, Portugal)
Amigos do Acordeón (Sigüeiro, Oroso)

Finalizado o festival, churrascada e foliada ata que o corpo aguante!

Organiza:
OROSO
coa cultura

Colabora:
Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes, Amigos do Acordeón e Néboas no Cumio

Verdes (Senra-Cardama) e Néboas no Cumio (Sigüeiro), todos eles colaboradores na organización do festival. Como grupos convidados, este ano actuarán "Pandereteiras de Marantes", Rancho Folclórico Sachadeiras da Várzea (Góis, Portugal) e os locais Amigos do Acordeón (Sigüeiro-Oroso).

Ao rematar o festival haberá churrascada e foliada a ata que o corpo aguante.



Acondicionamento das áreas recreativas do municipio

A brigada de Obras do Concello de Oroso está a rematar estes días co programa de limpeza e acondicionamento das distintas áreas recreativas e zonas verdes do municipio, como a área recreativa de Penateixa ou a contorna de Porto Avieira (nas imaxes). Uns traballos nos que, ademais de limpar a zona de maleza, tamén se realizan arranxos do mobiliario municipal (bancos,mesas, barbacoas...).



Ademais, o Concello de Oroso informa de que ao longo dos próximos días recuperarase o ritmo de limpeza de maleza nas distintas vías municipais, despois duns meses de baixa dun traballador que fixo que se resintise este servizo (xa que o Goberno Central non permite repoñer eses postos de traballo). Ademais, a baixa coincidiu coa avaría dunha das máquinas, que xa está reparada.




O Concello inviste 96.000 € na mellora do vial entre Arderíz e Castiñeiro Redondo

O Concello de Oroso investiu case 96.000 euros na mellora dos 1.365 metros que separan Arderiz (Senra) e Castiñeiro Redondo (Calvente). Un vial pavimentado en terra procedente da parcelaria de Ánxeles, Calvente, Pasarelos, Marzoa II, que agora se limpou, se perfilaron as cunetas e se pavimentou con rego asfáltico semiprofundo, superficial e selado. Deste xeito, mellórase a comunicación entre dous importantes núcleos rurais de Oroso.




Prazas dispoñibles na gardería da Ulloa




O Concello de Oroso informa da apertura dun **prazo extraordinario** de inscrición na gardería da Ulloa. Hai dispoñibles 3 prazas en quenda completa e 16 prazas en xornada de tarde para nenos/as de 2 a 3 anos. Máis información e inscricións na propia gardería.

Novos horarios de verán en Cultura e Aula da Xuventude



O Departamento de Cultura estreou o pasado 15 de xuño o seu horario de verán, que é de luns a venres de 9 a 14:00 horas. Manterase ata o 15 de setembro. Pola súa banda, a Aula de Xuventude pechará ata o 15 de setembro.





Mirás toma posesión como alcalde á fronte dun renovado Goberno

O Concello de Oroso celebrou o seu pleno de organización, na que se constituíron os grupos políticos municipais e se deu conta da nova estrutura do Goberno municipal, encabezado por Manuel Mirás Franqueira como alcalde. O **novο Goberno municipal** queda do seguinte xeito:

- Manuel Mirás, alcalde e con competencias directas nas áreas de Economía e Urbanismo
- Vanesa Boo Martínez, primeira Tenente de Alcalde e concelleira de Coordinación, Comunicación, Protocolo, Persoal, Réxime Interior, Turismo e Atención a Maiores.
- Eduardo Veiras Rey, segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Obras e Servizos, e Relacións Veciñais.
- Beatriz Rodeiro Fernández, terceira Tenente de Alcalde e concelleira de Ensino, Benestar Social e Atención ao Menor.
- Luís Rey Villaverde, cuarto Tenente de Alcalde e concelleiro de Deportes, Cultura, Mobilidade, Emprego, Promoción Económica, Xuventude, Escolas Infantís e Aula de Música.
- María del Carmen Liste Raña, concelleira de Muller, Sanidade, Parroquias e Piscina Municipal.
- Antonio Leira Piñeiro, concelleiro de Seguridade Cidadá, Protección Civil, Voluntariado, Parques e Xardíns, Parque Móbil, Limpeza Viaria, Mobiliario Urbano e Comercio.



Abertos ao tráfico ambos sentidos da rúa Álvaro Cunqueiro (Sigüeiro)

A rúa Álvaro Cunqueiro, que dá acceso rodado ao Colexio de Oroso dende a rotonda da N-550, volve a estar aberta á circulación de vehículos en ambas direccións, logo do remate das obras de urbanización desta zona, na que se habilitaron prazas de aparcamento e beirarrúas a ambos lados da calzada. Nos próximos días abrirase ao público unha gran superficie comercial que, lonxe de prexudicar ao pequeno comercio, se agarda que atraia a máis xente doutros municipios, que de seguro saberán apreciar a boa atención e os bos produtos do comercio orosán, evitando ter que desprazarse ata Santiago para facer as súas compras.



Summer Camp
CAMPAMENTO VERAN 2015
CONCELLO DE OROSO

Para nenos de 3 a 12 anos

Actividades lúdicas, xogos, manualidades, saídas urbanas
In English

Motivación, liderazgo, técnicas de comunicación...

Possibilidade doutros horarios
Servizo almoxarife, comida e merenda
Posibilidade días sábados

22 a 30 Xullo
Xullo / Agosto
1 a 9 Setembro

NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA:
Centro Cultural Fernando Casas e Novoa 981090903

Passos Carboeiros, 9 Sigüeiro - Oroso
981081905 - 981080544 609956427

escuela CONTRALEITO

CAMPAMENTO XUVENIL A DEVESA (RIBADEO)

PRAZO DE INSCRIPCIÓN:
DO 9 DE XUÑO ATA CUBRIR PRAZAS

DO 2 AO 18 DE AGOSTO

PRAZAS LIMITADAS
DIRIXIDO A: DE 7 A 14 ANOS

ORGANIZA: ESCOLA CULTURAL OROSO

COLABORA: XUNTA DE GALICIA

"BOS DÍAS COLE"
CURSO 2015/2016

- NDS C.E.I.P. DE SIGÜEIRO E OROSO
- DE 07:30 ATA O COMEZO DA XORNADA LECTIVA
- DIRIXIDO A RAPADES/AZAS DE 3 A 12 ANOS
- PRAZO DE RENOVACIÓN DE MATRÍCULA: DO 1 AO 15 DE XUÑO
- E MATRÍCULAS NOVAS NO 16 DE XUÑO EN ADIANTE ATA CUBRIR PRAZAS
- SERVIZO DE GARDERÍA E ALMOZZO
- MÁIS INFORMACIÓN NAS OFIDINAS DO CENTRO CULTURAL FERNANDO CASAS E NOVOA NO 981 630 903 OIA NA PÁXINA WEB: www.concelloroso.com

ORGANIZA: ESCOLA CULTURAL OROSO

COLABORA: DEPUTACIÓN DE OROSO

Foi noticia...

Os mellores embaixadores/as de Oroso

O alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Deportes, Luís Rey, entregaron as distincións do **II Día do Deporte de Oroso** a todos os clubs e asociacións deportivas do municipio. O Concello recoñeceu a Silvia Álvarez Mosquera (Oroso TM) como Mellor Deportista do Ano, e entregou dúas distincións especiais a ED Xuventude Oroso e ao club ciclista Tambre Bike. Os recoñecementos á traxectoria foron para Laureano Iglesias Tato (SD Deixebre), Luciano Dono Nouche (SD Oroso) e José A. Veiga Mosquera (xogador do Sigüeiro FC). Recoñeceuse tamén a Protección Civil, Voluntariado de Oroso, Coca-Cola, Eulogio Viñal e Grupo Raфра.



O centro cultural de Sigüeiro acolleu a finais de xuño dúas demostracións da arte dos nosos nenos e nenas coa actuación de Teatro Cativo e co recital de fin de curso dos alumnos e alumnas da Aula de Música.

Tes o teu exemplar de "Memoria de Oroso"? Podes recollelo na biblioteca ou no Concello

O alcalde Manuel Mirás e o historiador Manolo Pazos presentaron "**Memoria de Oroso**", a revista do Arquivo Histórico de Imaxes do Concello de Oroso. Unha revista que "queremos que non sexa algo efémero, pois queda moito por descubrir e moitas cousas por recoller", apuntou Mirás, quen espera sacar un novo número a principios de 2016 e anima á veciñanza a colaborar traendo as súas imaxes ao Arquivo Histórico de Imaxes, emprazado na biblioteca. Pola súa banda, Manolo Pazos indicou que con estes proxectos "o obxectivo que buscamos é poñer imaxes ao pasado, que é algo que non podemos esquecer".



Todos os veciños e veciñas que asistiron á presentación de "Memoria de Oroso" levaron un exemplar ás súas casas. Se ti aínda non o tes, podes recollelo totalmente de balde na biblioteca municipal de Sigüeiro ou na Casa do Concello.